

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

**A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,
DECLARA:**

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa UNIVERSIDADE DE VIGO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 05 de decembro ao 04 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e Universidade de Vigo para o desenvolvemento de colaboracións entre as partes destinadas á execución conxunta de actuacións que redunden en beneficio do deporte en Galicia e da comunidade universitaria galega

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.


Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I. Que a Xunta de Galicia, conforme ó subliñado no Estatuto de Autonomía, arrógase a competencia sobre a promoción deportiva (artigo 27, apartado 22), sendo a Secretaría Xeral para o Deporte, a encargada de asumir, a estes efectos, a promoción do deporte e da práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Que a Universidade de Vigo é unha institución pública con personalidade xurídica propia que asume, con plena autonomía, funcións de servizo público mediante o estudo, a docencia e a investigación.

III. Que a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, recolle a necesidade de establecer unha estreita colaboración entre á administración autonómica competente en materia deportiva e as universidades galegas en orden a ensinanza do deporte, a súa promoción e ordenación e á investigación científica deportiva.





IV. Que conforme ó exposto, ás Partes, recoñecéndose capacidade mutua, acordan subscribir o presente Convenio de colaboración conforme ás seguintes

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia deste universidade para a promoción do deporte en toda a comarca que comprende.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela en decembro de 2019

